



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Información sobre a obra de acondicionamento e mellora integral que a Deputación de Ourense está a levar a cabo na OU-0506 Velle (C-536) – San Miguel do Campo (OU-0508). Dado que ata o momento na parte correspondente ao Concello de Pereiro de Aguiar se atopa un tramo sen pintar e outro sen asfaltar, trasladamos as seguintes preguntas:

-Procederáse o asfaltado e pintado das partes da estrada nas que a Deputación de Ourense non actuou e que corresponden ao municipio de Pereiro?

-No caso de proceder a esta actuación, en que prazos está estipulado que se leven a cabo?

En Ourense, a 5 de febreiro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE